



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 13 DE FEBREIRO DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: D^a. María José Sampedro Fernández</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día trece de febreiro do dous mil vinte, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 6 de febreiro de 2020.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 10/02/2020 **“Decreto: Adjudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado “Reposición do pavimento asfáltico na estrada da Perdigoteira (Artes)””**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 10/02/2020 **“Decreto: Adjudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado “Pavimentación de camiños no lugar de Sirves (Oliveira)””**.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 10/02/2020 **“Decreto: Requerimento de subsanación de documentación en el expediente de contratación del “Suministro, instalación, puesta en servicio y explotación de un sistema de cartelería digital” dentro de la EDUSI+RA2020”**.

IV.- AUTORIZACIÓN DEMANIAIS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución remitida pola **Consellería do Mar**, de data 27/01/2020 (Rexistro de saída nº 2020002787), e rexistrado de entrada en data 29/01/2020 co nº 1.285, polo que se outorga ao Concello de Riveira autorización para a utilización das instalacións portuarias para uso de superficie descuberta de 8.740 m² para celebrar o evento mercadillo semanal, no porto de Riveira, baixo as condicións que figuran no anexo que se achega xunto coa presente resolución.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE - GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Centro de ocio infantil, familiar e aula de formación.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 2ª Residencial Intensivo Colectiva en Bloque.

SITUACIÓN: Lugar de O Touro, Edificio Fontán Local nº 2, Riveira.

REFª CATASTRAL: 1110926NH0111S0004UY.

PROMOTOR/A: GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L.

AUTOR/A PROXECTO: Sra. Carmen Mª Pérez Pérez.

PROXECTO: Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 1 de xullo de 2015.





Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a solicitude e documentación presentada pola entidade GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L., para exercer a actividade de centro de ocio infantil, familiar e aula de formación en instalacións sitas no lugar de O Touro, Edificio Fontán Local nº 2, Riveira nos termos do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 1 de xullo de 2015 redactado pola Sra. Carmen Mª Pérez Pérez.

SEGUNDO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 11 de febreiro de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

TERCEIRO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 29 de xaneiro de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa ambiental de aplicación.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 11 de febreiro de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 29 de xaneiro de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga, da documentación obrante no expediente, e e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/02/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade centro de ocio infantil, familiar e aula de formación en instalacións sitas no lugar de O Touro, Edificio Fontán Local nº 2, Riveira, en parcela con refª catastral nº 1110926NH0111S0004UY, solicitada por GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L., nos termos do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 1 de xullo de 2015 redactado pola arquitecta Sra. Carmen Mª Pérez Pérez.

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200466053
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 20/02/2020 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/02/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/02/2020 00:33:48		Fecha: 20/02/2020 Hora: 00:30





- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - LETICIA SANTOS FERREIRÓS.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira e peche diáfano.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcelo Rural B.

REFª CATASTRAL: 15074A94014007190000KG.

SITUACIÓN: Lugar de Cruce, Carreira, Riveira.

PROMOTOR/A: Sra. Leticia Santos Ferreirós, (DNI 53.482.348-B) e Sr. Manuel Sampedro Rego (52.939.819-Y).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto col. nº 4.169).

PROXECTO: Proxecto Básico de novembro de 2019.

OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra, de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde sen visado colexial.

DOCUMENTACIÓN DE PROPIEDAD: Escritura de Compravenda de 26 de setembro de 2017 autorizada pola notario de Boiro Sr. José Prieto Luengo.

INFORMES / AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: Consta resolución favorable de día 16 de setembro de 2019 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para construción de vivenda unifamiliar e peche diáfano na DP 7305 – de Riveira a Aguiño P.K. 1 + 365 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2019000025660, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como pola Sra. Mª Amparo Cristina Taboada Gil e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso.

DOCUMENTACIÓN: Autorización de arrimo entre colindantes asinado o 17 de xuño de 2017.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 101.000,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO





PRIMEIRO.- Pola Sra. Leticia Santos Ferreirós, (DNI 53.482.348-B) e Sr. Manuel Sampedro Rego (52.939.819-Y), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada o día 28 de novembro de 2019, (Rexistro de entrada nº 16.699), licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira e peche diáfano, no lugar do Cruce, Carreira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A94014007190000KG achegándose Proxecto Básico de novembro de 2019 redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto col. nº 4.169), resolución favorable de día 16 de setembro de 2019 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para construción de vivenda unifamiliar e peche diáfano na DP 7305 – de Riveira a Aguiño P.K. 1 + 365 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2019000025660, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como pola Sra. Mª Amparo Cristina Taboada Gil e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso, Escritura de Compravenda de 26 de setembro de 2017 autorizada pola notario de Boiro Sr. José Prieto Luengo, Autorización de arrimo entre colindantes asinado o 17 de xuño de 2017, así como Oficio de Dirección de Obra, de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde sen visado colexial.

SEGUNDO.- Consta resolución favorable de día 16 de setembro de 2019 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para construción de vivenda unifamiliar e peche diáfano na DP 7305 – de Riveira a Aguiño P.K. 1 + 365 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2019000025660, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como pola Sra. Mª Amparo Cristina Taboada Gil e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso.

TERCEIRO.- O arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital o día 4 de decembro de 2019 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela na que se sitúa a edificación obxecto da licenza de obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B.**

SEGUNDO.- Os artigos 23 a 26 Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia definen e regulan o Solo de Núcleo Rural, establencendo o artigo 23 o seguinte:

1. Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.

2. O planeamento, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorpore no estudo do medio rural, delimitará os núcleos rurais do seu ámbito de aplicación atendendo os parámetros anteriores, significadamente os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da



FIRMANTE - FECHA





estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nesta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.

3. A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

TERCEIRO.- Establece o artigo 24 da LSG o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural.

1. Os terreos que os plans xerais inclúan nas áreas delimitadas como núcleos rurais de poboación serán destinados aos usos característicos, complementarios ou compatibles coa edificación residencial no medio rural e coas necesidades da poboación residente neles.

2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.

3. No caso da construción de novas edificacións ou cambio de uso das existentes ou de rehabilitacións integrais, deberán ademais executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo.

4. Poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. O municipio deberá exixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga.

5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existiren, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

6. Nas áreas nas que por planeamento xeral ou especial se prevexan actuacións de carácter integral nos núcleos rurais, os propietarios ou propietarias de solo están obrigados a:

a) Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello o solo destinado a espazos libres, zonas verdes e equipamentos, e á administración titular correspondente, o destinado a viais.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 20/02/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/02/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/02/2020 00:33:48





b) Custear e, de ser o caso, executar as obras de urbanización previstas no ámbito da actuación integral.

c) Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento urbanístico da devandita área, agás nas actuacións integrais para as que o novo plan non prevexa un incremento da superficie edificable respecto das ordenanzas tipo do núcleo. A Administración non terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes aos terreos nos que se localice este aproveitamento.

7. As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

b) O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

CUARTO.- O artigo 25 da LSG contempla os usos do solo de núcleo rural.

1. O planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas nesta lei.

2. O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.

QUINTO.- O artigo 26 da LSG enumera as actuacións incompatibles.

1. Nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións:

a) As edificacións e usos característicos das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.

b) Os parcelamentos que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.

c) As naves industriais.

d) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rúeiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

f) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

g) A demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:

– Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

– Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, nos núcleos tradicionais estarán prohibidos:





a) As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.

b) Os novos tendidos aéreos.

c) A execución de actuacións integrais que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de novembro de 2019 redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto col. nº 4.169), resolución favorable de día 16 de setembro de 2019 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para construción de vivenda unifamiliar e peche diáfano na DP 7305 – de Riveira a Aguiño P.K. 1 + 365 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2019000025660, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como pola Sra. M^a Amparo Cristina Taboada Gil e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso, Escritura de Compravenda de 26 de setembro de 2017 autorizada pola notario de Boiro Sr. José Prieto Luengo, Autorización de arrimo entre colindantes asinado o 17 de xuño de 2017, así como Oficio de Dirección de Obra, de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde sen visado colexial.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.





Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.





- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO SEXTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de día 4 de decembro de 2019, vista a resolución favorable de día 16 de setembro de 2019 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para construción de vivenda unifamiliar e peche diáfano na DP 7305 – de Riveira a Aguiño P.K. 1 + 365 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2019000025660, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como pola Sra. M^a Amparo Cristina Taboada Gil e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formosoe da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 07/02/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Leticia Santos Ferreirós e ao Sr. Manuel Sampedro Rego, **LICENZA DE OBRAS (Nº 4/20)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA** e **PECHE DIÁFANO**, no lugar do Cruce, Carreira, Riveira en parcela con ref^a catastral nº 15074A94014007190000KG nos termos do Proxecto Básico de





novembro de 2019 redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez así como da resolución favorable de día 16 de setembro de 2019 emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2019000025660:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *As actuacións autorizadas non se poderán iniciar sen que o persoal do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña comprobe a súa correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable de día 16 de setembro de 2019 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para construción de vivenda unifamiliar e peche diáfano na DP 7305 – de Riveira a Aguiño P.K. 1 + 365 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2019000025660, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como pola Sra. M^ª Amparo Cristina Taboada Gil e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o promotor/a:

- *Deberá presentar coa solicitude de licenza de primeira ocupación **a acta de conformidade emitida en relación á correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable de día 16 de setembro de 2019** pola que se aproba a concesión de autorización de obra para construción de vivenda unifamiliar e peche diáfano na DP 7305 – de Riveira a Aguiño P.K. 1 + 365 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2019000025660, asinado polo Sr. Miguel Cachafeiro Pazos así como pola Sra. M^ª Amparo Cristina Taboada Gil e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*





- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra





respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ ANTONIO BASOCO PÉREZ POR DANOS NA VIVENDA SITA NO NÚMERO 116 DA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ. Expediente: RP/2/2019.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. José Antonio Basoco Pérez**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade,





como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

PRIMEIRO.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 07/01/2019 co número 198, D. José Antonio Basoco Pérez promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira, polos danos sufridos na vivenda da súa propiedade sita no número 116 da Rúa Alcalde Fernández Bermúdez, como consecuencia do mal estado no que se atopa a rede de saneamento municipal que discorre fronte ó citado inmovible, e que cuantifica na contía total de 895,46 euros, solicitando o abono da referida indemnización mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple de escritura de declaración de obra e partición de herdanza, autorizada na data 09/02/2001 polo Notario de Riveira, D. Jaime Romero Costas, co número 238 de protocolo; copia simple da nota simple informativa expedida polo Rexistro da Propiedade de Noia sobre a descrición e titularidade do inmovible; e informe pericial elaborado polo perito D. José Ángel González Pillado da entidade "GAB Centro de Peritaciones, S.L."

SEGUNDO.- Como consecuencia da instrución do expediente constan no mesmo: informe emitido na data 11/06/2019 (Rex entrada 12/06/2019 co número 201900008231) pola entidade Viaqua; e informe emitido na data 02/12/2019 pola enxeñeira municipal.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte do reclamante, que o fai mediante escrito rexistrado de entrada na data 14/01/2020 co número 484, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.



FIRMANTE - FECHA





De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, a reclamación fórmulase en tempo e forma, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do sinistro que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, o reclamante ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento, ao selo propietario do inmovible que sufriu os danos referidos na reclamación, como así se xustifica na documentación que achega coa mesma.

A lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Riveira, ao ser o titular da rede de auga e saneamento, correspondendo o seu mantemento á entidade VIAQUA, na súa condición de entidade concesionaria da prestación do citado servizo.

Independentemente do *quantum* que, chegado o caso, proceda recoñecer, resulta demostrado o dano que motiva a reclamación tal e como se desprende do informe pericial que achega o reclamante.



FIRMANTE - FECHA





Sentado o anterior, e entrando no exame do fondo do asunto, cómpre verificar a existencia, ou non, de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e os danos producidos, é dicir, a verificación da existencia do dano e que este foi consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Para estes efectos, advírtese que a entidade VIAQUA, no seu informe emitido na data 11/06/2019 (Rex entrada na data 12/06/2019 co número 201900008231), dispón o seguinte: "1) Este servizo non tivo coñecemento dos feitos polo que se reclama ata a comunicación feita polo Concello. 2) O mantemento da rede de saneamento municipal que discorre fronte a vivenda do reclamante e competencia deste servizo. 3) **Na inspección visual realizada por este servizo o día 11 de xuño do 2019, non existía filtración no inmovible, xa que segundo o afectado este feito prodúcese en ocasións puntuais, cando chove moito, e ademais fixeron obras para canalizar esas filtracións. Polo tanto, non se puido determinar a orixe das mesmas.** 4) **En xaneiro do ano 2018, fíxose unha inspección preventiva mediante cámara robotizada da rede de saneamento nesa zona, incluíndo o tramo que discorre polo frontal da vivenda afectada. Nesa inspección non se detectaron deficiencias importantes no colector (fendas ou fracturas no mesmo) aínda que si se recomendou os servizos técnicos municipais contemplar a súa substitución, xa que se trata dunha tubaría de formigón moi antiga, que xa excede a súa vida útil.** 5) **Non se pode afirmar que as causas das filtracións se deban a canalización de saneamento, xa que na inspección realizada mediante cámara robotizada non se detectaron deficiencias importantes no seu estado que puidesen producir as mesmas.** 6) Este servizo non fixo ningunha actuación ante a situación que se expón, aparte das xa descritas nos anteriores puntos. 7) Nos últimos dous anos, nesa zona, este servizo recibiu unha queixa por filtracións na vivenda nº 112 desa rúa, que foi revisada o día 8 de xuño do 2017, na que se estimou que se trataba dun problema interior, pola falta de impermeabilización do muro. 8) **O muro de contención da vivenda afectada non cumpre a normativa actual en canto a impermeabilización xa que foi construído nos anos sesenta, polo tanto está totalmente exposto a que a auga existente no terreo poida introducirse sinxelamente no paramento interior. A vivenda afectada está situada por debaixo da rasante do vial e da beirarrúa, así como da parcela da urbanización colindante, polo que calquera auga procedente de precipitacións ou escorrentías neses puntos pode filtrarse o terreo e chegar o paramento interno, producindo ademais un deterioro do muro e reducindo a súa vida útil.**"

Así mesmo, a enxeñeira municipal, en informe emitido na data 02/12/2019, dispón que: "(...) En el Departamento de Obras Públicas no se tuvo conocimiento de los hechos por los que se reclama, hasta su puesta en conocimiento por el vecino afectado. Con respecto al estado de la red de saneamiento en el tramo que discurre frente a la vivienda del reclamante, desde este departamento **no se han constatado deficiencias que pudiesen ocasionar filtraciones de agua en la vivienda del reclamante.** Si es cierto, tal y como dispone la entidad Viaqua en el informe emitido en este expediente, que se trataba de una tubería de hormigón muy antigua, y de hecho se ha procedido a su sustitución durante la ejecución de la obra "Renovación de Servicios en un tramo de la calle Alcalde Fernández Bermúdez", que ha sido ejecutada por la empresa Excavaciones Nima S.L, entre el 02/09/2019 y el 4/10/2019, y en la que se ha procedido a sustituir las líneas de saneamiento y abastecimiento, incluyendo, además, una nueva línea para pluviales. Sin embargo, y coincidiendo con lo que afirma la entidad Viaqua, **no se puede asegurar que el estado de las tuberías, es decir, su antigüedad y desgaste por el paso del tiempo, hayan sido los factores causantes de las filtraciones en la vivienda del reclamante, máxime cuando existen otros factores que puedan haber influido o causado esas filtraciones, como la situación de la vivienda afectada al estar situada por debajo de la rasante del vial o el estado del muro de**





contención de la misma. No constan en este departamento quejas de otros vecinos por el tema en cuestión.”

Dos informes recadados na instrución do expediente, pódese chegar ás seguintes conclusións:

- Que na rede de saneamento do tramo que discorre polo frontal da vivenda do reclamante non se detectaron deficiencias importantes que puidesen ocasionar filtracións de auga.
- Que o único que queda constatado é a antigüidade da tubaría.
- Que non se pode asegurar que este factor (antigüidade e desgaste polo paso do tempo) fora o causante das filtracións na vivenda do reclamante.

Non resulta, polo tanto, acreditado o nexo causal entre os danos producidos na vivenda propiedade do Sr. Basoco Pérez e o servizo municipal da rede de saneamento.

Por todo o exposto, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 12/02/2020, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Antonio Basoco Pérez polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Santiago Nicolás García Romero**, de data 10/02/2020 (Rexistro xeral de entrada nº 1.876), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Mamoá, nº 36 C, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 12/02/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Santiago Nicolás García Romero** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo de pintado de liña amarela (4,00 m.) sobre a calzada situada no lado oposto e enfrente á entrada do garaxe, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Mamoá, nº 36 C, Riveira, según o sinalado no citado informe policial.

- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os *costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





2.- Visto o escrito presentado por **Guillermo González Lesta**, de data 30/01/2020 (Rexistro xeral de entrada nº 1.349), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Fondevila, nº 25, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 06/02/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Guillermo González Lesta** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (4,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Lugar de Fondevila, nº 25, Riveira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito remitido pola **Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, de data 07/02/2020, no que solicita a proposta dun representante do concello para formar parte da Comisión de Escolarización do Concello de Riveira do vindeiro curso 2020-21.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** nomear representante do concello para formar parte da Comisión de Escolarización do Concello de Riveira do vindeiro curso 2020-21 a **Juana María Brión Santamaría**, Concelleira Delegada de Educación, Xuventude e Deportes.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

1.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde do Concello de Riveira, Manuel Ruiz Rivas**, de data 11/02/2020, en relación á resolución do presidente da Deputación núm. 3262 do 29 de xaneiro de 2020, na que se aprobaron as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2020 (BOP núm. 21, de 31 de xaneiro de 2020).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1. Acolleuse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o Conservatorio Profesional de Música de Riveira por importe de 20.000





euros, que se destinará a financiar os gastos de funcionamento e de persoal.

2. Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
3. Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
4. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

2.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Ramón Doval Sampedro**, de data 11/02/2020, en relación á Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020. (DOG nº 14, do 22/01/2020).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Solicitar á Consellería de *Economía, Emprego e Industria* unha subvención para a prórroga da contratación da Técnico de Orientación Laboral, Carolina Pampín Perez, durante un período de 12 meses, por importe de 25.000€, para sufragar parte dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social.

3.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Ramón Doval Sampedro**, de data 12/02/2020, en relación á Orde do 20 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), para o exercicio 2020. (DOG 28/01/2020, núm. 18).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención para a contratación temporal de 2 persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados, ao 100% da xornada, durante 9 meses, para a realización da seguinte obra/servizo:

“Xestión de biomasa en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais en terreos de titularidade municipal do Concello de Riveira”.





Segundo.- Facer constar que as retribucións dos traballadores a contratar serán as que figuran no actual Orzamento Municipal, de aplicación ao persoal laboral do Concello.

Terceiro.- Solicitar a contratación anticipada dos traballadores no caso de que sexa concedida a citada subvención.

4.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría**, de data 11/02/2020, en relación á ORDE do 8 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia (DOG do 10/02/2020, núm. 27).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro: Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a dotación de novidades editoriais en lingua galega e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino á Biblioteca Pública Municipal de Riveira.

Segundo: aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

5.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría**, de data 11/02/2020, en relación á Orde do 7 de xaneiro de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases para a concesión de subvención a entidade locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia (DOG do 10/02/2020, núm. 27).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro. Solicitar unha subvención ao abeiro da antedita orde para a dinamización da lectura.

Segundo se recolle no artigo 4, a subvención solicítase para a contratación de actividades de dinamización da lectura, das que un mínimo de dúas estean no Catálogo Ler conta moito 2020, que a Dirección Xeral de Políticas Culturais ten ao dispor na páxina <http://rbgalicia.xunta.gal>.

Segundo. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.





DESIGNACIÓN DO XURADO DO FESTIVAL DE MURGAS E COMPARSAS PARA O ENTROIDO 2020

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 11/02/2020, no que achega a designación do xurado do Festival de Murgas e Comparsas para o Entroido 2020, de conformidade co estipulado no apartado 10 das Bases que regulan o Festival de Murgas e Comparsas 2020, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 23/01/2020.

A Xunta de Goberno Local, queda enteirada da proposta de referencia e presta a súa conformidade á designación do xurado do Festival de Murgas e Comparsas para o Entroido 2020:

- Fran Regueira, apartado Letra e Música
- Teresa Bretal Laranga, apartado Vestiario
- Eva Méndez, apartado Maquillaxe e Perruquería
- Óscar Romero, apartado Posta en escena
- Actúa como Presidenta, María José Sampedro Fernández, Concelleira de Cultura e Primeira Tenente de Alcalde.
- Actúa como Secretaria, Sara García Sampedro, Programadora de Actividades Culturais e representante da área municipal de cultura.

Aos efectos de designar ao membro elixido polo público e na súa representación, antes do comezo do festival e de viva voz se ofrecerá esta invitación de participación voluntaria entre os espectadores asistentes.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á DEVOLUCIÓN Á ENTIDADE "PROMOCIONES VIGUESAS LA MONTINA S.L." DA CONTÍA DE 122.363,97 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a Sentenza 243/2014 dimanante do P.O. 370/2013.

SEGUNDO.- Vista a aclaración da Sentenza 370/2013 mediante Auto de día 13 de febreiro de 2015.

TERCEIRO.- Vista a Sentenza 154/2018 dimanante do P.O. 144/2017 - P.O. 370/2013.

CUARTO.- Vista a Sentenza 364/2018 dimanante do Recurso de Apelación nº 0015042/2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO





PRIMEIRO.- O artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, nos seus apartados 1º e 2º, dispón o seguinte: “1. A potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais deste orde xurisdicional, e o seu exercicio compete ao que coñecera do asunto en primeira ou única instancia. 2. As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignent.”

Vista a Sentenza 243/2014 dimanante do P.O. 370/2013, vista a aclaración da Sentenza 370/2013 mediante Auto de día 13 de febreiro de 2015, vista a Sentenza 154/2018 dimanante do P.O. 144/2017 - P.O. 370/2013, vista a Sentenza 364/2018 dimanante do Recurso de Apelación nº 0015042/2018, visto o artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, nos seus apartados 1º e 2º que dispón que “1. A potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais deste orde xurisdicional, e o seu exercicio compete ao que coñecera do asunto en primeira ou única instancia. 2. As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignent, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/02/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que se proceda ao cumprimento das citadas sentenzas e se proceda a devolución á entidade Promociones Viguesas La Montina S.L. da contía de 122.363,97 €.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais

ARRENDAMIENTO DE LA NAVE SITA EN EL LUGAR DE FRIÓNS, POLÍGONO 8 E PARCELA 1018, CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A008010180000KU, Y CON LA FINALIDAD ÚNICA Y EXCLUSIVA DE SER DESTINADA A ESTANCIA DEL PERSONAL QUE FORMA LA PLANTILLA DEL GAEM, AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL, SOCORRISTAS, BRIGADA CONTRA INCENDIOS FORESTALES Y CONDUCTORES DE LOS CAMIONES MOTOBOMBA

VISTO el escrito presentado por el Sr concejal de Seguridad Ciudadana y Protección Civil del siguiente tenor literal:

“Eu, Víctor Reiriz Lampón como concelleiro de Seguridade Cidadá e Protección Civil de Riveira solicito que se emita informe por parte da Secretaría do Concello para a construción e remodelación da nave situada no lugar de Frións, polígono 8 e parcela 1018 con referencia catastral 15074A008010180000KU. Ca finalidade de recondicionar esta nave para a estancia do persoal que forma a plantilla do GAEM, Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, Socorristas, Brigada Contra Incendios Forestais e conductores dos camiós motobomba que se utilizan na extinción de incendios forestais así como o uso da mesma para a realización de todas as tarefas relacionadas con emerxencias e protección civil.”

ACREDITADA la necesidad, dado el estado de deterioro de las instalaciones actuales, de reubicar los servicios de GAEM Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, Socorristas, Brigada contra Incendios Forestales y Conductores de los camiones





motobomba que se utilizan en la extinción de incendios forestales, así como para uso de la misma en todo las tareas relacionadas con emergencias y protección civil.

CONSIDERANDO como lugar idóneo para tal reubicación la nave sita no lugar de Frións, polígono 8 e parcela 1018 con referencia catastral 15074A008010180000KU.

CONSIDERANDO que la legislación vigente impone a los Ayuntamientos de más de 20.000 habitantes, como lo es el Concello de Ribeira, como servicio mínimo obligatorio el de “protección civil”.

VISTO el informe del Secretario General de la Corporación de fecha 7 de febrero de 2020

La Junta de Gobierno Local, por delegación de la Alcaldía de fecha 17 de Junio de 2010, **acuerda** por unanimidad de sus ocho miembros de Derecho:

Primero:-Tramitar expediente para arrendamiento de la nave sita en el lugar de Frións, polígono 8 e parcela 1018 con referencia catastral 15074A008010180000KU y con la finalidad única y exclusiva de ser destinada a estancia del personal que forma la plantilla del GAEM, Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, Socorristas, Brigada contra Incendios Forestales y Conductores de los camiones motobomba que se utilizan en la extinción de incendios forestales, así como para uso de la misma en todo las tareas relacionadas con emergencias y protección civil.

Segundo:-Requerir del arquitecto municipal la emisión de informe pericial que incluya la descripción de las características y de la ubicación que debe tener el bien que se desea arrendar y una valoración aproximada del precio de mercado del mismo.

Tercero:- Se requerirá del propietario del inmueble la presentación formal de oferta en un plazo no superior a 10 días hábiles desde que sea recibidas, indicándole la dirección a la que deba enviarse y la lengua o lengua en que deban estar redactada; los documentos que, en su caso, se deban adjuntar complementariamente.

El órgano de contratación **adjudicará el contrato dentro de los cinco días hábiles siguientes a la recepción de la documentación.**

Cuarto:-Aprobar la realización en la citada nave, una vez concluído el expediente anterior, las tareas de acondicionamiento que sean precisas para el fin descrito.

Quinto:-Facultar tanto al Sr. alcalde-presidente como al Sr. concejal delegado de “Seguridade Cidadá e Protección Civil”, tan ampliamente como en Derecho sea posible para garantizar la plena efectividad del presente acuerdo.





SOLICITUD DE APODERAMIENTO PARA REALIZAR LOS TRÁMITES CORRESPONDIENTES PARA REGISTRAR EN LA DGT LA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA POLICÍA LOCAL.

VISTO el escrito presentado con fecha 12 de Febrero de 2020 por D.José Manuel Bretal Laranga, Inspector Jefe Accidental da Policía Local, del siguiente tenor literal:

“Con la finalidad de efectuar el cambio de titularidad a favor del Concello del vehículo de matrícula 8908HLX adquirido “a título gratuito con condición onerosa” (sesión de la Xunta de Gobierno Local de fecha 11/07/2019), se solicita el apoderamiento de la funcionaria María José Rial Martínez, DNI nº 52450408N. Los trámites concretos que tendrá que realizar son los siguientes:

-Declaración del Impuesto autonómico por la transmisión del vehículo, si bien, conforme al art. 45.1ª a) del RD Legislativo 1/1993, de 24 de Septiembre, pro el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados, está exento de su pago.

-Cambio de titularidad en la oficina de la Jefatura Provincial de Tráfico.”

La Junta de Gobierno Local, por delegación de la Alcaldía de fecha 17 de Junio de 2010, **acuerda** por unanimidad de sus ocho miembros de Derecho:

Primero.-Conferir apoderamiento y representación de este Concello a favor la funcionaria María José Rial Martínez, DNI nº 52450408N para realizar los trámites descritos.

Segundo.-Facultar al Sr. inspector Jefe Accidental da Policía Local, D. José Manuel Bretal Laranga, tan ampliamente como en Derecho sea posible para garantizar la plena efectividad del presente acuerdo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as once horas e dez minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

